

ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA TRES DE FEBREIRO DE 2009, CON CARÁCTER ORDINARIO.

SRES. ASISTENTES:

Alcalde-Presidente D. ODÓN C. COBAS GARCÍA
Tenentes de Alcalde: D. ELOY J. IGLESIAS LÓPEZ
D. JOSÉ ANTONIO SÁNCHEZ DE LA FUENTE
D^a. LUCÍA GONZÁLEZ LOURO
D^a. ANA BELÉN PICÓN COTOS

Secretario D. CARLOS J. MÉNDEZ-LOSADA ABALO

Na Casa do Concello de Vedra, sendo as vinte e unha horas e quince minutos do día tres de febreiro de dous mil nove, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente don Odón C. Cobas García, reúnese en sesión ORDINARIA a XUNTA DE GOBERNO LOCAL, figurando os membros da mesma ó inicio desta acta.

Declarado aberto o acto pola Presidencia seguidamente pásanse a tratar os asuntos incluídos na seguinte

ORDE DO DÍA

1º.- Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior

Dáse conta da acta da sesión celebrada o día vinte e sete de xaneiro do ano que andamos, que é aprobada por unanimidade dos asistentes

2º.- Instancias de obras de particulares

2.1.- Instancia num. 44/09 de don Abelardo Rendo Rial

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Miguel de Sarandón, solicita licenza para a construción dun cerramento con base de cemento, postes e arame, de aproximadamente 170 mts de lonxitude, no lugar de Silva de Arriba, en solo de expansión de núcleo rural (N2) segundo o PXOM.

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: segundo as aliñacións grafiadas no PXOM deberase recuar o cerramento 10 mts respecto do eixe do vial en solo urbanizable SUND-5; garantirase o natural discorrer das augas, e no caso de existir unha servidume de augas deberá obter previo ó comezo das obras a autorización de Augas de Galicia; respectaranse os lindes con outros propietarios; en cumprimento da lei 9/2002 de ordenación

urbanística e protección do medio rural de Galicia, o zócalo irá revestido e pintado coas cores tradicionais de maneira que quede perfectamente rematado; a altura máxima total do cerramento será de 1,80 mts e a base maciza terá unha altura máxima de 1,50 mts, podendo acadar os 1,80 mts a base de elementos diáfanos e vexetación

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de cento cinco euros con setenta e sete céntimos (#105,77#)

2.2.- Instancia num. 123/09 de dona Mercedes Fernández López de Sá

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en Santiago de Compostela, solicita licenza para a ampliación dun panteón sito no cemiterio de San Miguel de Sarandón, cualificado no PXOM como solo de expansión de núcleo rural (N-2) de uso dotacional para cemiterio (CM-8)

Dáse conta asimesmo da autorización da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural e do Arcebispado de Santiago de Compostela

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: o conxunto terá como máximo tres nichos e un cinceiro; non superará en altura ós colindantes e o material de acabado será semellante a estes; en cumprimento do artigo 3 do Real Decreto 1627/1997 de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas de seguridade e saúde nas obras de construción, deberá proceder ó nomeamento do coordinador de seguridade e saúde


Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de noventa e catro euros con trinta e cinco céntimos (#94,35#)

2.3.- Instancia num. 105/09 de don Jesús Mera Puente

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en Santa Cruz de Ribadulla, solicita licenza para a construción dunha rampla de acceso de aproximadamente 5 mts de lonxitude sobre canalización na gábea en Afós en solo rústico de protección forestal (R-3)

A Xunta de Goberno, á vista do informe favorable do técnico municipal, acorda conceder a licenza solicitada, debendo as obras axustarse ás seguintes condicións: levaranse a cabo sen que interrompan o natural discorrer das augas, colocando un tubo de sección suficiente para permitir o paso de todas as augas e non inferior a 400 mm de diámetro; deberase colocar unha arqueta de rexistro cada 6 mts, de superar a canalización a citada lonxitude; non se danará a calzada, debendo deixar o pavimento nas mesmas condicións nas que estaba e a rampla quedará enrasada co vial de maneira que non sobresaia; non se realizarán movementos de terras nen se pavimentará máis alá do estrictamente necesrio para resolver o paso sobre da canalización

Esta licenza non surtirá consecuencias mentres non se faga efectivo o pagamento do imposto municipal correspondente, que ascende, segundo liquidación provisional, á cantidade de dezoito euros con tress céntimos (#18,03#)



3°.- Acordo, se procede, sobre solicitude de axudas para a contratación de persoal técnico para a aplicación das normas do hábitat para o exercicio 2009

Dáse conta da Orde da Consellería de Vivenda e Solo, do 16 de xaneiro de 2009, pola que se aproban as bases reguladoras polas que se lles conceden axudas ós concellos de Galicia para a contratación de persoal técnico para a aplicación das normas do hábitat e se procede á súa convocatoria para o ano 2009 (DOG num. 15/09, do 22 de xaneiro)

Ó abeiro da mesma, a Xunta de Goberno acorda solicitar unha axuda

4°.- Dar conta de Resolucións da Alcaldía

4.1.- Dáse conta da Resolución da Alcaldía de data vinte e sete de xaneiro do ano que andamos, pola que se acorda contratar coa mercantil Mafre os seguros de retroexcavadora; oficina de protección civil; oficinas do concello e oficina de turismo e anular os correspondentes seguros existentes para os mesmos riscos

A Xunta de Goberno dáse por enterada

5°.- Outros asuntos

5.1.- Solicitudes de tarxeta de aparcamento para persoas con mobilidade reducida

5.1.a.- Escrito num. 138/09 de dona Celina Aldariz Martínez

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Andrés de Illobre, expón que ten unha porcentaxe de minusvalidez do 84% segundo informe emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte colectivo, polo que solicita que se lle expida tarxeta de aparcamento, segundo modelo establecido na Lei 8/1997 e o Decreto 35/2000 que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

5.1.b.- Escrito num. 142/09 de dona Luisa Puente Fernández

Dáse conta da citada instancia na que a interesada, con domicilio en San Mamede de Ribadulla, expón que ten unha porcentaxe de minusvalidez do 66% segundo informe emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia, que reduce a súa mobilidade para utilizar medio de transporte colectivo, polo que solicita que se lle expida tarxeta de aparcamento, segundo modelo establecido na Lei 8/1997 e o Decreto 35/2000 que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

5.1.c.- Escrito num. 172/09 de don Alberto Vázquez Estévez

Dáse conta da citada instancia na que o interesado, con domicilio en San Andrés de Trobe, expón que ten unha porcentaxe de minusvalidez do 97% segundo



informe emitido polo Equipo de Valoración da Xunta de Galicia polo que solicita que se lle expida tarxeta de aparcamento, segundo modelo establecido na Lei 8/1997 e o Decreto 35/2000 que a desenvolve, da Comunidade Autónoma de Galicia, comprometéndose a cumprir as normas que regulan a súa expedición

A Xunta de Goberno acorda acceder ó solicitado

Conclúe ó fio das vinte e dúas horas e corenta e cinco minutos

